

**caderno
de críticas**
Enderezo descoñecido
de Kressmann Taylor

«Tradúcese por fin ao galego esta peza mestra, denuncia adiantada do nazismo»


Salvador Rodríguez, *Faro de Vigo*

«Os lectores xa poden gozar en galego coa crónica máis dura das atrocidades do nazismo a través dos ollos dunha valente muller»

Francisco Martínez Bouzas, *O Correo Galego*

XERAIS





Maxistral denuncia adiantada do nazismo

Tradúcese por fin ao galego a obra da escritora norteamericana Kathrin Kressmann –que sempre asinou como Kressmann Taylor–, unha peza mestra que denunciou ao réxime nazi na primeira etapa da subida ao poder de Adolf Hitler.

● A partir de cantas páxinas unha narración, un relato, un conto, en fin, pódese considerar novela? Non hai quen se atreva a concretar unha cifra, se ben abundan os concursos literarios nos que se advirte aos participantes de que a súa obra deberá ter un «mínimo de» determinado número de páxinas, so pena de vulnerar as bases e quedar fóra do certame.

Para non acreditar nos tópicos dos matemáticos da literatura, aquí nos chega *Enderezo descoñecido*, unha peza á que hai que incluír no xénero da novela en tanto en canto, tanto pola súa estrutura como polo seu apaixonante desenrolo, reflexa nas súas escasas sesenta e cinco páxinas –nesta, a súa edición en galego– un universo literario e vital que vai máis aló do que abranquen os chamados relatos curtos.

Enderezo descoñecido foi publicada por primeira vez nos Estados Unidos en 1938, isto é, o ano anterior ao inicio da II Guerra Mundial, máis o marco no que se

desenrolan os feitos datan de moito antes (1932). A novela que nos ocupa artéllase en forma de cartas que se dirixen entre si dous amigos, un xudeo estadounidense e un alemán que regresa ao seu país.

Carta a carta, con moi poucas verbas, con indicios, con contidos inquetantes, o lector penetra nas claves do que supuxo para a sociedade alemana a subida ao poder de Adolf Hitler e as nefastas consecuencias da aplicación das medidas do réxime nazi.

Sutil mais, ao tempo, lúcida, Taylor suláganos nos labirintos da historia a traveso dos sucesos cotiáns, do cambio operado nunha persoa, Martin Schulse, que chega a un país que semella erguerse dun pesadelo pero que, en realidade, está a piques de fundirse noutro sen que pareza que ninguén se decate.

Mérito da autora é, sen dúbida, advertir o horror que se aveciñaba, como tamén o avisaron, no cine, Charles Chaplin con *O gran dictador* ou mesmamente, xa máis





adiante, Ernst Lubitch con *Ser ou non ser*. Acontece que, máis aló da denuncia, Kressmann Taylor abráianos co xeito que ten de facela, tan sinxelo, tan claro, tan común como pode ser a correspondencia entre dúas persoas cuxo drama non é só o seu alonxamento físico senón e, sobre todo, o seu alonxamento, máis que político, ético, moral, até espiritual.

Enderezo descoñecido acadou moi cedo vendas espectaculares nos Estados Unidos, pero dende a súa reedición en 1995 está a conquistar grados de aceptación que a levan a ser unha lectura de referencia tamén en Europa. Un acerto pleno, pois, o de Xerais con esta tradución realizada por Enma Lázare Rodríguez. Toda unha novela, si señor, unha novela de certo magnífica que remata – e o podemos dicir sen desenmascarar a clave dramática– co debuxo dun sobre cun mataselos no que lemos dúas verbas en alemán que, a partires de agora, van remitirnos á traxedia: «Adressat Ubetannt».



ESTARRECEDOR

Foi o editor francés Henry Dougier, das Editions Autrement, quen, no ano 1999, rescatou do esquecemento *Enderezo descoñecido*, de Kressmann Taylor, novela publicada agora en galego por Xerais na súa colección de narrativa. *Autrement*, que iniciou a súa andaina no 1975 como revista trimestral; e dedica o seu catálogo ás ciencias humanas e mais á literatura estranxeira, ten certo relevo para o lector galego, xa que se trata da mesma editorial que no ano 1996 publicou, en tradución francesa de Enma Lazaré –tamén traductora do libro que hoxe nos ocupa–, un texto de X. L. Méndez Ferrín, incluído nunha obra colectiva sobre Lanzarote (posteriormente, co título de *Lanzarote ou o sabio consello*, aparecería a versión galega deste texto no número 31 de *A Trabe de Ouro*).

Kressmann Taylor é o nome literario de Kathrine Kressmann (1903-1996), autora norteamericana que, dedicada profesionalmente ó mundo da publicidade, publicou esta novela curta epistolar en setembro do 1938, primeiro nunha revista e, ó ano

seguinte, xa en forma de libro. *Enderezo descoñecido* conta a historia do final dunha relación de amizade entre un xudeu da cidade de San Francisco e un emigrante alemán nos EUA que no ano 1932 decide volver ó seu país de orixe.

Socios e propietarios dunha galería de arte na cidade californiana, o regreso a Alemaña do segundo deles vai coincidir co ascenso dos nazis ó poder, feito que ha condiciona-la evolución deste personaxe, afastándoo cada vez máis do seu amigo xudeu. Pero a relación epistolar, que polo desenvolvemento dos acontecementos debería rachar moito antes, mantense debido a un motivo que vai ser crucial para que a narración resulte verosímil ós ollos do lector: o envío desde os EUA dos xiros bancarios coa parte dos beneficios que corresponden ó socio alemán. Este elemento temático vai se-lo que lle permita á autora non só desenvolver-la narración empregando o intercambio epistolar facilitado –en tempos de censura do correo– polo conducto bancario, senón que tamén vai constituí-lo pano de fondo sobre o que traza-

lo retrato moral da asunción do nacemento.

A historia que conta a novela vai parella, como dixemos, á chegada de Hitler ó poder. Martin Schulse, un dos protagonistas, retorna a Alemaña no 1932; a primeira carta que envía ó seu socio norteamericano está datada en decembro dese mesmo ano, xusto un mes despois das eleccións nas que o partido nazi obtén doce millóns de votos (o 33%). En xaneiro do 1933, Hindenburg nomea chanceler a Hitler e, en febreiro, arde o Reichstag (parlamento). De alí a dous meses, logo doutras eleccións, os nazis chegan ó 44% dos votos; por aquelas datas, Schulse contesta unha carta do seu aínda amigo, na que este recea de Hitler, dicíndolle: «Creo que en moitos aspectos Hitler é bo para Alemaña». No mes de xullo, o nazi é o único partido político permitido nese país; Schulse xa fala nas súas cartas de *Venerado Xefe* e xustifica a persecución dos xudeus. Nunha terrible pero ilustrativa frase, afirma: «Non quero ter ningún trato máis cos xudeus, á parte dos xiros banca-



ESTARRECEDOR

rios», procedentes, en gran parte e paradoxalmente, das obras de arte vendidas ós propios xudeus norteamericanos. No ano 1934, que é cando remata a historia da novela, Hitler dáse a si mesmo o título de Führer.

A proximidade cronolóxica existente entre estes feitos e a publicación, só catro anos despois, de *Enderezo descoñecido*, que é de 1938, dá, ó noso ver, unha boa pista sobre a orixe deste libro singular e mais sobre a súa importante compoñente testemuñal: a urxente necesidade, nuns Estados Unidos onde o illacionismo tiña moito pulo, de esperta-lo interese polo que daquela acontecía en Europa e, máis concretamente, polo que lles acontecía ós xudeus en Alemaña.


Tanto o tema, unha das traxedias máis arrepiantes da historia da humanidade, como o medio utilizado pola autora para nola achegar dun xeito


efectivo e impactante, a amizade entre estes dous homes desfeita por causa desa mesma traxedia, emparentan este libro coa tamén novela curta de Fred Uhlman titulada *Reencontro*, que publicou en galego a Editorial Galaxia. Así e todo, hai un aspecto fundamental que as diferencia; mentras que Kressmann Taylor escribiu a súa obra ó tempo que se desenvolvían os acontecementos que nela se condenan, o libro de Uhlman vería a luz moitos anos máis tarde, o que se cadra explique as palabras que Arthur Koestler lle dedicaba no limiar: «Non hai [en *Reencontro*] o menor rastro de furia.

Pola contra, en *Enderezo descoñecido* non existe ese «saudoso ton menor» do que tamén fala Koestler ó se referir a *Reencontro*. Segundo confesa o fillo da autora no prólogo incluído na edición galega, cando se publicou *Enderezo des-*

coñecido no ano 1938, o editor e mailo home da escritora pensaron que era unha historia dura de máis para ir asinada por unha muller, de aí a utilización dun pseudónimo. Pero a dureza do libro non só reside nos acontecementos históricos —estarrecedores de seu— que recrea, senón máis ben na resolución da narración mediante o recurso da vinganza. Ou da xustiza, que é cada lector a quen lle cómpre escolle-la palabra que se axuste mellor a un final no que a ausencia delas é máis ca eloquente.

Final sen palabras no que abonda coa simple imaxe dunha carta devolta por «enderezo descoñecido». Literatura testemuñal, de urxencia, efectiva e impactante, sobre un período da historia que non debemos esquecer, nin tampouco ha conseguir que o fagamos mentres obras como esta sigan ó dispor dos lectores.





As cartas da verdade

Os lectores xa poden gozar en galego coa crónica máis dura das atrocidades do nazismo a través dos ollos dunha valente muller.

Ao dispor dos lectores galegos temos desde hai unhas semanas unha publicación que resultou ser no seu día un grande éxito editorial e que foi cualificada en 1939 por *The new York Times Book Review* como a perfección mesma e a denuncia máis efectiva que se pode facer contra o nazismo en literatura de ficción. O libro, as súas vicisitudes editoriais e as circunstancias persoais da súa autora, encerran unha historia que constitúe en si mesma un asunto moi interesante. Aínda que asinado por Kressmann Taylor, foi escrito realmente por unha muller, Kathrine Kressmann, casada en 1928 con Elliot Taylor. Dez anos máis tarde rematou de escribir *Enderezo descoñecido*, pero o seu home e o editor de *Story magazine*, a revista que o publicou de contado, acordaron que a historia era «demasiado dura para aparecer firmada por unha muller» e o libro saíu á luz pública baixo o pseudónimo literario de Kressmann Taylor, que a autora conservou en futuras obras (*Until That Day* e *Diary of Florence in Food*). Kathrine Kressmann deixou escrito da súa man os motivos que a levaron a compoñer *Enderezo descoñecido*. En 1938 e en anos anteriores o movemento arredista en Estados Unidos era moi forte e ninguén semellaba estar informado das atrocidades estarrecedoras do nazismo. Kathrine, pola súa conta, le e estudia os discursos e escritos de Hitler e dos seus conselleiros e o que des-

cobre é estremecedor. Endalí que decida escribir sobre as verdadeiras actuacións dos nazis para amosarlles aos americanos os compoñentes do nazismo.

O éxito editorial foi enorme e en seguida a novela foi editada en Europa e traducida a diversas linguas. Pero a partir de 1939, *Enderezo descoñecido* foi retirada das librerías coincidindo coa ocupación nazi e a única constancia da mesma no continente era a súa inclusión na lista de libros prohibidos pola censura alemana. En 1995, *Story Press* reeditou a novela para conmemorar o cincuenta aniversario da liberación dos campos de concentración e a autora foi clasificada coa condición de autora clásica do sistema literario norteamericano. Pouco despois a revista *Autrement* de París fixo a edición francesa e esa tradución converteuse nun best-seller, vendéndose nos meses seguintes a cáseque todas as linguas europeas.

Todos aqueles que tiveron algo que ver coa obra coinciden en cualificar a *Enderezo descoñecido* como unha novela de mensaxe atemporal, subliñando a súa importancia para toda a comunidade humana, tanto para aqueles que sufriron o dominio nazi como para os que precisan saber o que ocorreu. Estamos, pois, diante dun libro de literatura testemuñal que nos fai presentes a malignidade da ponzoña nazi e o antisemitismo que percorreu media Europa. E precisamente nuns intreos nos que os xudeus



teñen emprendido paradoxalmente un programa cos palestinos non menos terrible co que anos atrás os nazis probaron con eles. A historia acostuma a repetirse e as vítimas convértense doadamente en carniceiros e reproducen ser escrupulos as ignominias arrepiantes que eles sufriron. *Enderezo descoñecido* naceu, como xa dixemos, para expoñer diante da opinión pública norteamericana o veleno do nazismo desde os seus comezos, e faino reproducindo ficcionalmente a relación epistolar de dous amigos e copropietarios dunha galería de arte en California: Max Eisenstein, un xudeu estadounidense, e Martin Schulse, un alemán que regresa ó seu país en 1932, xusto cando empezaba o ascenso do partido nazi en Alemaña. A relación epistolar dá comezo o 2 de novembro de 1932, o mesmo mes no que o partido nazi obtén o 33% dos votos nas eleccións daquela celebradas, e remata o 3 de marzo de 1934, cando Hitler se autoproclama Führer da nación alemana.

A través da correspondencia percibimos a evolución dunha relación de amizade, porque chega un momento no que o alemán considera perigosos, para a súa situación na nova Alemaña, os contactos co xudeu. Este é o tema da novela que a autora desenvolve dun xeito enormemente efectivo a través de dezanove cartas que nos permiten presenciar a evolución do amigo e socio alemán cara ao distanciamento. Evolución que corre parella ao ascenso do nazismo. O 25 de marzo de 1933, Martin Schulse méntalle por primeira vez a Hitler ao amigo xudeu e faille saber a súa opinión sobre o mesmo: en moitos

aspectos Hitler é bo para Alemaña, pero non está seguro e faise o inquérito de se, malia electrizar as multitudes, está ou non no seu xuízo. Pero xa se apresurara a afiliarse ao nacionalsocialismo e non por simple conveniencia, senón polo convencemento de que Alemaña atopara o seu destino. Dous meses despois contacta a través do banco para evitar a censura e faille saber que non lle escriba máis, que lle resulta imposible manter correspondencia cun xudeu e admite a dolorosa necesidade das severas medidas nazis porque a raza xudía é unha ferida aberta para calquera nación que le dea asilo. A finais do 33 amósalle claramente a súa covardía ao amigo xudeu. A partir deste intre o lector asistirá a un remate acelerado da novela, resolvéndose a trama por medio dunha implacable vinganza, realizada a través da mesma censura alemana. Ese final no que non hai unha soa verba senón o sobre dunha carta devolto por enderezo descoñecido, é abondo elocuente para o lector se decatara da sorte final do socio alemán. A autora fai a súa denuncia, como xa apuntamos, por medio dunha escrita epistolar. Axustándose á sinxeleza estilística que demanda una relación epistolar, e botando man da brevidade e da intensidade, Kathrine Kressmann escribe unha excelente ficción de literatura testemuñal desvelándonos a face agochada e estremecedora do nazismo para que o mundo xamais o esqueza e se mantéña vixiante porque as súas raiceiras agroman constantemente, mesmo entre aqueles que un día foron vítimas do seu pavoroso holocausto.




SINOPSE

Enderezo descoñecido conta a sorprendente historia de dous amigos e socios propietarios dunha galería de arte en California, Max Eisenstein, xudeo estadounidense, e Martin Schulse, alemán, que retorna ó seu país en 1932, coincidindo co ascenso do partido nazi.

Publicada nos EE. UU. en 1938, pronto acadou vendas espectaculares e foi considerada unha obra *perfecta*. Trala súa reedición en 1995, chegou ás mans do editor francés Henri Dougier, quen decidiu publicala convencido da súa importancia para as vítimas do nazismo e para toda a comunidade europea. A partir de entón, a obra foi traducida ás principais linguas de Europa.

Enderezo descoñecido representa un dos máis estarrecedores alegatos conta o nazismo, cuxo rostro perverso se nos fai patente ó longo da correspondencia entre os dous personaxes.



FICHA TÉCNICA

Título: *Enderezo descoñecido*

Autor: Kressmann Taylor

Xénero: Narrativa

ISBN: 84-8302-764-X

73 páxinas

XERAIS

